

LISTA DE ASISTENTES

Alonso Vega, María Flora
Bravo Bernárdez, Jorge
Fernández Fernández, Federico A.
Fernández Iglesias, Manuel
Ferreiro Vázquez, Óscar
González Santamaría, Pedro
Pena Uris, Gloria M.
Vázquez-Rey Farto, Ernesto
Zas Varela, Mónica
DESCULPA ASISTENCIA
Martínez Martín, María José
Vaquero Díaz, Beatriz

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do día 19 de outubro de dous mil dezaseis, convocada para as 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda nas salas de videoconferencia.

O día **19 de outubro de 2016** ás 10:30 h deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 8 de abril e da extraordinaria do 21 de setembro de 2016.
2. Aprobación, se procede, do calendario de eleccións a representantes de estudantes, PDI e PAS nos consellos de departamento.
3. Aprobación, se procede, do número de representantes por cada sector nos consellos de departamento.
4. Aprobación, se procede, do calendario de eleccións de representantes de estudantes e de PAS no Comité de Dirección da Escola Internacional de Doutoramento.
5. Outros asuntos de interese.
6. Rolda libre de intervencións.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 8 de abril e da extraordinaria do 21 de setembro de 2016.

Non se presentaron alegacións a ningunha das actas. Apróbanse por asentimento.

Punto 2. Aprobación, se procede, do calendario de eleccións a representantes de estudantes, PDI e PAS nos consellos de departamento.

Explica o presidente que os calendarios dos procesos electorais fixéronse chegar xunto coa convocatoria. Tamén se achegou unha proposta de xuntanzas da Comisión Electoral para atender ás necesidades de aprobación dos distintos momentos dos procesos electorais.

Apróbanse ambos por asentimento.

Punto 3. Aprobación, se procede, do número de representantes por cada sector nos consellos de departamento.

O presidente cede a palabra á secretaria da Comisión Electoral, que procede a explicar a elaboración das táboas nas que se especifican os números de representantes e que foron achegadas coa convocatoria.

Lembra que se determina en función do número de membros natos do departamento, considerando que, segundo os Estatutos debe ser un 54% do total de membros estímase o total e a partir dese valor se calcula o número de representantes de cada sector en función das porcentaxes que indican os Estatutos.

A secretaria explica a dificultade na asignación dos estudantes de máster e de doutoramento, xa que non aparecen asignados a un departamento específico, xa que nin os Estudos de máster nin os programas de doutoramento dependen dos departamentos. Expón que a proposta que se presenta establece que os estudantes de máster se incluírán no censo de estudantes de 2º ciclo do departamento ao cal pertence o coordinador ou coordinadora do máster. En canto aos estudantes de 3º ciclo, asígnanse ao departamento ao que pertence o seu titor ou titora. Comenta que nalgúns casos este dato non está recollido nas listas de Xescampus, polo que deberemos ser flexibles á hora de estudar as posibles reclamacións no período correspondente.

Comenta que, como consecuencia dos redondeos matemáticos das porcentaxes, é necesario realizar en algúns casos aproximacións á alza ou a baixa no número de representantes en cada sector. Nesta ocasión, en aqueles casos nos que había algunha dificultade, falouse cos directores ou directoras dos departamentos implicados para consensuar dito axuste de acordo coa realidade do departamento (existencia ou non de estudantes de 3º ciclo, número de PAS do departamento, etc.). Explica algúns dos casos particulares.

Apróbase por asentimento.

Punto 4. Aprobación, se procede, do calendario de eleccións de representantes de estudantes e de PAS no Comité de Dirección da Escola Internacional de Doutoramento.

Cede novamente o presidente a palabra á secretaria da comisión, quen explica que os calendarios están realizados ao igual que os anteriores seguindo todos os requirimentos normativos, pero que quere aclarar un aspecto relacionado cunha intervención que tivera lugar na sesión anterior da Comisión Electoral. Lembra que se dixera naquela xuntanza que ían saír só as prazas vacantes que existían en algún ámbito e que, ao ser elixidos estes representantes por dous anos, se comentara que se produciría unha diferenza temporal na duración do seu período de representación, con respecto dos anteriores. Explica que, finalmente, o director da EIDO falou con todos os representantes e decidiron por acordo entre todos, que se convocaran a totalidade das prazas de representantes de estudantes. Polo tanto, nesta ocasión non se produciría ese “desequilibrio” temporal. O período será de dous anos, como indica o regulamento da EIDO e, tan só no caso de que quedaran vacantes, volveríanse a convocar o ano próximo.

Finalizada a aclaración, apróbase o calendario por asentimento.

Punto 5. Outros asuntos de interese.

Non hai outros temas que tratar.

Punto 6. Rolda libre de intervencións.

Intervén o Sr. Federico Fdez., quen realiza unha reflexión en relación con que no futuro habería que considerar a representación do colectivo de maiores no Claustro Universitario. Pensa que non se debería deixar para o final, senón que debería abordarse nesta Comisión.

Responde o presidente que en efecto debemos realizar a reflexión, que de feito xa foi solicitado por algúns estudantes deste colectivo, pero que é algo que debe estar recollido nos Estatutos.

O Sr. Fernández indica que, precisamente porque están en elaboración, a presidencia desta Comisión podería trasladar esta reflexión á Comisión Encargada da Elaboración dos Estatutos. Que deberá considerar se damos representación ou non ao colectivo, cal sería a cota etc.

Explica que non é algo que lle competa á Comisión Electoral que, en todo caso, no seu momento nos corresponderá a realización do procedemento de elección dos representantes, de habelos e na porcentaxe que se estableza. Trátase dun tema competencia da Comisión de Elaboración dos Estatutos e do pleno do Claustro, que deberá aprobalos. En todo caso, comenta, deberían estar considerados na cota de Estudantado, xa que pertencen a este sector.

Intervén a secretaria para indicar que este tema xa foi tratado noutros foros, e a Comisión de Estatutos é coñecedora diso, pero non sabe se está recollido ou non nos Estatutos. Lembra que, de tódolos xeitos, en canto o borrador dos Estatutos estea finalizado, abrirase un período de exposición pública no que todos os membros da comunidade universitaria poderán presentar as achegas que se estimen oportunas.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:50 h do día 19 de outubro de 2016, da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral

A secretaria da Comisión Electoral

Manuel Fernández Iglesias

Gloria M^a Pena Uris